

## **REGULAMENTO SOBRE A CREACION, MODIFICACION E SUPRESION DE FICHEIROS DE DATOS DE CARACTER PERSOAL**

A disposición adicional segunda, 2, da Lei orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado de datos de carácter persoal (BOE nº 262, do 31 de outubro), concedía un prazo dun ano dende a súa entrada en vigor (o 31 de xaneiro de 1993), para que as institucións públicas responsables de ficheiros automatizados xa existentes adoptaran unha disposición de regulamento de ficheiro ou adaptaran a xa existente. Posteriormente o Real Decreto-Lei 20/1993, do 22 de decembro (BOE nº 310, do 28 de decembro), prorrogou por seis meses o prazo dun ano establecido naquela disposición adicional.

Polo exposto, e no exercicio das facultades que lle confire o art. 22 da Lei reguladora das bases do réxime local, o Concello de Val do Dubra, na sesión do Pleno do día 27 de xullo de 1994, aprobou as seguintes normas:

**Artigo 1.-** Os ficheiros automatizados do Concello de Val do Dubra nos que se conteñen e procesan datos de carácter persoal son os seguintes:

- a) Ficheiro de Datos económico-contables.
- b) Ficheiro de Datos tributarios.
- c) Ficheiro de Datos padroais.
- d) Ficheiro de Datos de nómina.
- e) Ficheiro de Alistamentos.

**Artigo 2.-** O ficheiro automatizado de datos económico-contables, é empregado polas Dependencias do Concello, que xestionan o acceso, rectificación e cancelación do seu contido.

**Artigo 3.-** O ficheiro automatizado de datos económico-contables responde á estrutura básica e tipos de datos, que rexistran o seguinte contido.

- a) Número do documento nacional de identidade.
- b) Nome e apelidos.
- c) Enderezo.
- d) Datos bancarios.
- e) Datos económicos da nómina.
- f) Transaccións financeiras.
- g) Bens e servizos subministrados polo afectado.

**Artigo 4.-** O ficheiro automatizado de datos económico-contables, cumpre as finalidades de posibilitar o control personalizado de debedores e acredores. Estas finalidades tipifícanse como Xestión pública e xestión económica con terceiros.

**Artigo 5.-** Os datos do ficheiro de Datos económico-contables refírense ás persoas físicas e xurídicas. Estes datos proceden do propio interesado ou o seu representante legal. O procedemento de recollida instruméntase con declaracións ou formularios. Os soportes utilizados son o papel e os informático-magnéticos.

**Artigo 6.-** As cesións do ficheiro de datos económico-contables efectúanse con/sen consentimento dos afectados e con base nas disposicións do grupo normativo encabezado pola Lei xeral presupostaria e a Lei de facendas locais, con especial incidencia das Instrucións de contabilidade para a Administración local.

Son destinatarios das cesións:

- CONSELLO DE CONTAS.
- INTERVENCION XERAL DO ESTADO.
- XUNTA DE GALICIA.

**Artigo 7.-** O ficheiro automatizado de datos tributarios é empregado polas Dependencias do Concello, que xestionan o acceso, rectificación e cancelación do seu contido.

**Artigo 8.-** O ficheiro automatizado de datos tributarios responde á estrutura básica e tipos de datos, que rexistran o seguinte contido.

- a) Número do documento nacional de identidade.
- b) Nome e apelidos.
- c) Enderezo.
- d) Teléfono.
- e) Propiedades e posesións.
- f) Licenzas, permisos e autorizacións.
- g) Actividades e negocios.
- h) Licenzas comerciais.
- i) Datos bancarios.
- j) Bens e servizos recibidos polo afectado.

**Artigo 9.-** O ficheiro automatizado de datos tributarios cumpre as finalidades de posibilitar o control personalizado de debedores. Estas finalidades tipifícanse como Xestión tributaria e de recadación.

**Artigo 10.-** Os datos do ficheiro de datos tributarios refírense ás persoas físicas e xurídicas. Estes datos proceden do propio interesado ou do seu representante legal. O procedemento de recollida instruméntase con declaracións ou formularios. Os soportes utilizados son o papel e os informático-magnéticos.

**Artigo 11.-** As cesións do ficheiro de datos tributarios efectúasen con/sen consentimento dos afectados e con base nas disposicións do grupo normativo encabezado pola Lei xeral tributaria e a Lei de facendas locais.

Son destinatarios das cesións:

- EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA

**Artigo 12.-** O ficheiro automatizado de datos padroais é empregado polas Dependencias do Concello, que xestionan o acceso, rectificación e cancelación do seu contido.

**Artigo 13.-** O ficheiro automatizado de datos padroais responde á estrutura básica e tipos de datos, que rexistran o seguinte contido.

- a) Número do documento nacional de identidade.
- b) Nome e apelidos.
- c) Enderezo.
- d) Teléfono.
- e) Estado civil.
- f) Datos de familia.
- g) Data de nacemento.
- h) Sexo.
- i) Nacionalidade.
- j) Formación, titulacións.

**Artigo 14.-** O ficheiro automatizado de datos padroais, cumpre as finalidades de posibilitar o control poboacional. Estas finalidades tipifícanse como Padrón.

**Artigo 15.-** Os datos do ficheiro de datos padroais refírense ás persoas físicas. Estes datos proceden do propio interesado ou do seu representante legal. O procedemento de recollida instruméntase con declaracións ou formularios. Os soportes utilizados son o papel e os informático-magnéticos.

**Artigo 16.-** As cesións do ficheiro de datos padroais efectúanse con/sen consentimento dos afectados e con base nas disposicións do grupo normativo encabezado pola Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e pola Lei 12/89, do 9 de maio, de función estatística pública con especial incidencia do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, aprobado por R.D. 1690/86, do 11 de xullo.

Son destinatarios das cesións:

-INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA

**Artigo 17.-** O ficheiro automatizado de datos de nómina é empregado polas Dependencias do Concello, que xestionan o acceso, rectificación e cancelación do seu contido.

**Artigo 18.-** O ficheiro automatizado de datos de nómina responde á estrutura básica e tipos de datos, que rexistran o seguinte contido.

- a) Número de documento nacional de identidade.
- b) Número da Seguridade Social.
- c) Nome e apelidos.
- d) Enderezo.
- e) Teléfono.
- f) Estado civil.
- g) Data de nacemento.
- h) Sexo.
- i) Categoría-grao
- j) Datos non económicos da nómina.
- k) Datos bancarios.
- l) Datos económicos da nómina.

**Artigo 19.-** O ficheiro automatizado de datos de nómina, cumpre as finalidades de posibilitar a Xestión retributiva dos empregados. Estas finalidades tipifícanse como Xestión do persoal.

**Artigo 20.-** Os datos do ficheiro de datos de nómina refírense ás persoas físicas. Estes datos proceden do propio interesado ou do seu representante legal. O procedemento de recollida instruméntase con declaracións ou formularios. Os soportes utilizados son o papel e os informático-magnéticos.

**Artigo 21.-** As cesións do ficheiro de datos de nómina afectúanse con/sen consentimento dos afectado e con base nos grupos normativos encabezados pola Lei xeral de Seguridade Social e a Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Son destinatarios das cesións:

- INSTITUTO NACIONAL DE SEGURIDADE SOCIAL
- MINISTERIO DE ECONOMIA E FACENDA

**Artigo 23.-** O ficheiro automático de datos de alistamentos responde á estrutura básica e tipos de datos, que rexistran o seguinte contido.

- a) Número de documento nacional de identidade.
- b) Nome e apelidos.
- c) Enderezo.
- d) Teléfono.
- e) Marcas físicas.
- f) Estado civil.
- g) Datos de familia.
- h) Data/lugar de nacemento.
- i) Características físicas e antropométricas.
- j) Sexo
- k) Situación familiar
- l) Formación, titulacións.

**Artigo 24.-** O ficheiro automatizado de datos de alistamentos, cumpre as finalidades de posibilitar a incorporación ao servizo militar. Estas finalidades tipifícanse como Servizo Militar.

**Artigo 25.-** Os datos do ficheiro de datos de alistamentos refírense ás persoas físicas. Estes datos proceden do propio interesado ou do seu representante legal. O procedemento de recollida instruméntase con declaracións ou formularios. Os soportes utilizados son o papel e os informático-magnéticos.

**Artigo 26.-** As cesións do ficheiro de datos de alistamentos efectúanse con/sen consentimento dos afectados e con base na Lei orgánica 13/91 e R.D. 1107/93.

Son destinatarios das cesións:

- MINISTERIO DE DEFENSA

**Artigo 27.-** Para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, adoptáanse as cautelas propias de seguridade, cubertas polo proceso xeral de copias para a salvagarda periódica de ficheiros.

SEGUNDO: Proceder á súa regulamentaria tramitación, conforme ao establecido no art.49 da Lei de bases do réxime local.

TERCEIRO: Proceder á súa publicación no BOP e á súa remisión á Axencia de Protección de Datos.